

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENARIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2016.

ASISTENTES:

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ (PP).
D. MANUEL LÓPEZ CASAS (PP)
D. MANUEL CABAS LÓPEZ (PP)
D^a TERESA PUGA IGLESIAS (PP)
D^a M^a DOLORES CALVO LÓPEZ (PP)
D^a SILVIA BLANCO CUQUEJO (PP)
D^a MONTSERRAT LAMA NÓVOA (PP)
D. CARLOS GÓMEZ SALGADO (PP)
D. LUÍS MIGUEL GIL PENÍN (PP)
D^a ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE)
D. RAFAEL PENABAD GONZÁLEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSÉ ALBERTO MARTÍNEZ MORALES (PSdeG-PSOE)
D^a EVA ORO VILLARINO (PSdeG-PSOE)
D. MANUEL PÉREZ CAMPOS (Xinzo Adiante)
D^a FRANCISCA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (Xinzo Adiante)
D. XOSÉ MIGUEL BARRIOS RODRÍGUEZ (Xinzo Adiante)
D. RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ (Grupo Mixto-BNG)

SECRETARÍA:

Dona MARTA M^a GÓMEZ RUÍZ.

ADXUNTA Á SECRETARÍA:

Dona M^a DOLORES FERNÁNDEZ SALGADO

En Xinzo, sendo as **11:04** horas do día **25/02/2016** réunese en sesión **ordinaria** e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretaria, Dona Marta M^a Gómez Ruíz.

Aos/ás convocados/as á sesión foilles entregada, en tempo, copia da orde do día, poñéndose á súa disposición o expediente desta sesión e cumprindo os trámites que esixe a lexislación vixente.

Polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión e a continuación pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día

ORDE DO DIA:

- 1.- Aprobación da acta anterior, que se corresponde coa de 15/02/2016.*
- 2.- Dación de conta dos Decretos da Alcaldía.*
- 3.- Convenio con María do Ceo para a cesión dos dereitos de autor da canción “Xinzo” como himno do Concello.*
- 4.- Moción de todos os grupos municipais, a iniciativa do grupo municipal “Xinzo Adiante”, sobre a dedicación do Día das Letras Galegas a D. Carlos Casares*
- 5.- Rogos e preguntas.*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día, recaendo sobre os mesmos os acordos que a seguido se transcriben:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, QUE SE CORRESPONDE COA DE 15/02/2016.

O Sr. Presidente da a palabra a **Sra. Secretaria** quen expón que se deben corrixir unha serie de erros no borrador da acta do pleno anterior que se somete a aprobación neste pleno.

Na páxina 28 da mentada acta, na intervención do **Sr Manuel Pérez Campos**, na oitava liña, onde di “...En canto os gastos, indica que nestes anos anteriores foron incrementados (...)” debería dicir: “...En canto os ingresos, indica que nestes anos anteriores foron incrementados (...)”.

Na páxina 77 da mentada acta, na que se recolle o ditame da Comisión Especial de Contas sobre a Conta Xeral de 2014, onde di: “Considerando que, formada e informada a Conta Xeral, pola Intervención, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa a mesma esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, tras o debate, co voto favorable dos concelleiros do Grupo Municipal PP (5, e 1, o Alcalde) a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2) e a abstención dos Concelleiros do Grupo Mixto (2)(...)” debe dicir: “Considerando que, formada e informada a Conta Xeral, pola Intervención, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa a mesma esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, tras o debate, co voto favorable dos concelleiros do Grupo Municipal PP (5, e 1, o Alcalde) a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2) e a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (2)(...)”

Rematada a exposición de erros por parte da Secretaría, o Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión ordinaria celebrada de data 15/02/2016.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez (Grupo Mixto)** manifesta que na súa intervención, na páxina 27, o comezar o segundo parágrafo, onde di “Polo que atinxe ós ingresos recoñece a boa labor xestora do grupo de goberno (...)” as palabras “boa labor xestora” deben figurar entre comiñas, pois do contrario non se aprecia o ton irónico co que utilizou esta expresión.

Efectuadas estas correccións , sometida a votación resulta aprobada por unanimidade a acta referida.

2. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta, nos termos e para os efectos do disposto no art. 42 do Regulamento da Organización, do Funcionamento e do Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos Decretos e Resolucións ditados pola Presidencia desde a anterior reunión:

- De 24/09/2015 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 1,20€.
- De 15/10/2015 resolvendo recoñecer o oitavo trienio a favor de D^a Elena Feijoo Rodríguez, Grupo A2 posto de traballo Traballadora Social.
- De 27/10/2015 resolvendo recoñecer o noveno trienio a favor de D. José Limia Mellado, Grupo C2 posto de traballo Oficial 2^a.

- De 10/11/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D^a Rosa M^a Díz Coello, Grupo E, posto de traballo Limpadora.
- De 10/11/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D^a Rosa M^a Prol Prol, Grupo A2 posto de traballo Técnica de Emprego.
- De 10/11/2015 resolvendo recoñecer o cuarto trienio a favor de D^a Trinidad Rodríguez Baños, Grupo E, posto de traballo Auxiliar Axuda a domicilio.
- De 18/11/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D^a Laura González Dafonte, Grupo A2, posto de traballo Arquitecta Técnica.
- De 18/11/2015 resolvendo recoñecer o decimo terceiro trienio a favor de D^a Manuel Santana Álvarez, Grupo C1, posto de traballo Policía Local.
- De 23/11/2015 resolvendo recoñecer o cuarto trienio a favor de D^a Concepción Blanco Blanco, Grupo B21, posto de traballo Educadora Social.
- De 24/11/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D^a Manuel Gómez de Bastos, Grupo C2, posto de traballo Oficial de 1^a.
- De 01/12/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D. Alberto Pérez Fernández, Grupo C1, posto de traballo Policía Local.
- De 03/12/2015 resolvendo recoñecer o sexto trienio a favor de D. Cesáreo Gómez Díz, Grupo C1, posto de traballo Policía Local.
- De 09/12/2015 resolvendo delegar no Sr. Concelleiro D. Luís Miguel Gil Penín as competencias da Presidencia para formalizar o casamento de Pedro Olives Patiño e María Goretti Gil Penín o día 23 de decembro de 2015.
- De 10/12/2015 resolvendo recoñecer o sétimo trienio a favor de D. José Losada Enríquez, Grupo A2, posto de traballo Mestre-Educador.
- De 14/12/2015 resolvendo delegar no Sr. Concelleiro D. Manuel López Casas as competencias da Presidencia para formalizar o casamento de Roberto Ferreiro Martínez e Josefina Estévez González o día 23 de decembro de 2015.
- De 15/12/2015 resolvendo recoñecer o cuarto trienio a favor de D. José Manuel Corbillón Corbillón, Grupo E, posto de traballo Peón.
- De 18/12/2015 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 10,89€.
- De 22/12/2015 resolvendo aprobar o expediente de modificación de créditos nº 3/2015.
- De 07/01/2016 resolvendo recoñecer o quinto trienio a favor de D. José Luis Saburido Novoa, Grupo A2, posto de traballo Psicólogo/Director CIM.
- De 08/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 15,57€.
- De 08/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 0,57€.
- De 08/01/2016 resolvendo recoñecer o terceiro trienio a favor de D. Juan Antonio Iglesias Cuquejo, Grupo D13, posto de traballo Oficial 1^a-Albanel.

- De 11/01/2016 resolvendo recoñecer o cuarto trienio a favor de D. Eligio Rodríguez Bailón, Grupo C2, posto de traballo Oficial 1ª-Albanel.
- De 13/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 64,90€.
- De 13/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte de D. Claudio Lemos Casal e conceder o uso das aulas dispoñibles da Casa da Cultura do Concello de Xinzo de Limia, para a impartición de cursos técnicos durante o ano 2016.
- De 14/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 33,39€.
- De 14/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 15,68€.
- De 15/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, aprobación factura por importe de 33,87€.
- De 15/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte dos propietarios de atraccións, casetas e postos de venda nas Festas do Entroido 2016.
- De 15/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte de Mónica Rodríguez Vidal para posto de venda nas Festas do Entroido 2016.
- De 21/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte dos propietarios de atraccións, casetas e postos de venda nas Festas do Entroido 2016.
- De 22/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte dos propietarios Estefanía García Elich para posto de venda nas Festas do Entroido 2016.
- De 22/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por Adoración Rodríguez Rodríguez para posto de venda de artesanía nas Festas do Entroido 2016.
- De 25/01/2016 resolvendo delegar a función da Alcaldía no 1º Tenente de alcalde don Manuel López Casas o día 26.01.2016.
- De 27/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por Lucía Nóvoa Joga, concedendo autorización para ocupar a vía pública no lugar de Laroá os vindeiros días 29, 30 e 31 de xaneiro dos correntes, con motivo da celebración das festas, así como o préstamo dunhas vallas.
- De 27/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, e aprobar a memoria redactada polos Técnicos de Servizos Sociais e aprobar a memoria para implantar o programa de fomento do emprego e mellora da emprego redactada pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, con fin de contratar a 1 persoa desempregada no servizo de “Auxiliar de axuda á Domicilio durante o Verán 2016”.
- De 28/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte dos propietarios de atraccións, casetas e postos de venda nas Festas do Entroido 2016.
- De 28/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por D. José Carlos Crespo Pérez, outorgándolle licenza para instalar, nove días, un elevador para realizar labores de substitución de cubertas do inmovible nº 4 da rúa Ladeira.

- De 29/01/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, e realizar mellora en instalación deportivas municipais.
- De 29/01/2016 resolvendo acceder ao solicitado por Rummyanka Velichkova Petkova para posto de venda de artesanía nas Festas do Entroido 2016.
- De 03/02/2016 resolvendo acceder ao solicitado por D. Bartolomé Pidal Diéguez, e conceder o uso dunha aula da Casa da Cultura o día 4 de Febreiro de 2016 dende ás 10:00 ás 14:00 horas.
- De 03/02/2016 resolvendo dar de baixa de oficio a D. Abdelmajid Messoudi.
- De 03/02/2016 resolvendo dar de baixa de oficio a D. Youness Fathallah Fathallah.
- De 04/02/2016 resolvendo acceder ao solicitado por D. Pablo Millán Pérez, e conceder o permiso de actividade de produción visual na rúa da festa do Entroido 2016.
- De 04/02/2016 resolvendo acceder ao solicitado por parte dos propietarios de atraccións, casetas e postos de venda: Virginia María Machado dos Anxos e outros, nas Festas do Entroido 2016.
- De 04/02/2016 resolvendo avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2016.
- De 05/02/2016 resolvendo acceder ao solicitado por María Luísa Chavaud Pupin para posto de venda de artesanía nas Festas do Entroido 2016.
- De 08/02/2016 resolvendo autorizar a encomenda de función da Secretaria Xeral, na adxunta á Secretaría, dona María Dolores Fernández Salgado.
- De 15/02/2016 resolvendo deixar sen efecto a convocatoria do Pleno e convocar nova sesión Plenaria para o mesmo día 15 de febreiro de 2016 ás 17.00 horas.

3. CONVENIO CON MARÍA DO CEO PARA A CESIÓN DOS DEREITOS DE AUTOR DA CANCIÓN “XINZO” COMO HIMNO DO CONCELLO.

O Sr Alcalde pídelle á Sra. Secretaria que de lectura ó ditame da COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, FESTEXOS, DEPORTE, XUVENTUDE E EDUCACIÓN celebrada en data 22/02/2016, con respecto a este punto, do seguinte teor literal:

“Tras o debate, resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:

“Primeiro. Instar a Dona María do Ceo e o letrista Don Armando González, autor da letra, a cesión da canción “Xinzo” e os seus dereitos para posteriormente, poder utilizala como himno oficial do noso Concello en caso de que nun pleno posterior e previos os trámites oportunos, efectivamente se constituía esta canción como himno do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo. Remitir a Dona María do Ceo e o letrista Don Armando González a proposta de Convenio recollida no expediente.

Terceiro. Abrir un período de recepción de propostas alternativas para que calquera interesado poida propor outra canción como himno, este período de recepción de propostas alternativas terá unha duración de dous meses, contados a partir da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Cuarto. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.”

Rematada a lectura, o Sr. Alcalde da paso á quenda de intervencións.

O Sr. **Ramiro Rodríguez Suárez (Grupo Mixto)** di que quere reiterar o dito na Comisión, apoiando dita iniciativa porque simplemente consiste en reservar os dereitos da canción para o caso en que esta se aprobe definitivamente polo plenario, engadindo, sen embargo, que o proceso de selección de himno debe ser o máis participativo posible.

O Sr. **Manuel Pérez Campos (Grupo Municipal Xinzo Adiante)** maniféstase a favor da participación.

O Sr. **Alcalde** manifesta que xa na comisión se informou favorablemente dar trámite de participación, e que xa se verá se a canción Xinzo será o himno oficial ou non.

Finalmente a proposta de acordo resulta ***aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (3), a favor do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), e a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), adoitándose o seguinte acordo:***

“Primeiro. Instar a Dona María do Ceo e o letrista Don Armando González, autor da letra, a cesión da canción “Xinzo” e os seus dereitos para posteriormente, poder utilizala como himno oficial do noso Concello en caso de que nun pleno posterior e previos os trámites oportunos, efectivamente se constituía esta canción como himno do Concello de Xinzo de Limia.

Segundo. Remitir a Dona María do Ceo e o letrista Don Armando González a proposta de Convenio recollida no expediente.

Terceiro. Abrir un período de recepción de propostas alternativas para que calquera interesado poida propor outra canción como himno, este período de recepción de propostas alternativas terá unha duración de dous meses, contados a partir da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Cuarto. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.”

4. MOCIÓN DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS, A INICIATIVA DO GRUPO MUNICIPAL “XINZO ADIANTE”, SOBRE A DEDICACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS A D. CARLOS CASARES

O Sr. Alcalde pídelle á Sra. Secretaria que de lectura ó ditame da COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, FESTEXOS, DEPORTE, XUVENTUDE E EDUCACIÓN celebrada en data 22/02/2016, con respecto a este punto, do seguinte teor literal:

“Tras o debate, resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

“ÚNICO. Solicitarlle á Real Academia Galega que lle dedique, coincidindo co 50º aniversario da publicación da obra inicial de Carlos Casares “Vento ferido” o Día das Letras Galegas de 2017 a este autor.”

Tras a lectura, o Sr Alcalde da paso a quenda de intervencións, manifestándose todos os grupos a favor da proposta.

Finalmente a proposta de acordo resulta *aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (3), a favor do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), e a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), adoitándose o seguinte acordo:*

“ÚNICO. Solicitarlle á Real Academia Galega que lle dedique, coincidindo co 50º aniversario da publicación da obra inicial de Carlos Casares “Vento ferido” o Día das Letras Galegas de 2017 a este autor.”

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Sr Presidente manifesta que en Xunta de portavoces celebrada o día 23 de febreiro de 2016 se acordou presentar unha MOCIÓN CONXUNTA PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO LINGÜÍSTICO MUNICIPAL, O EMPREGO CORRECTO E O FOMENTO DA LINGUA GALEGA, EN CUMPRIMENTO DA LEXILACIÓN VIXENTE, por parte do grupo municipal popular, grupo municipal Xinzo Adiante e grupo mixto, a iniciativa do grupo municipal Xinzo Adiante .

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é APROBADA, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), a favor da súa inclusión dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (3), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e a favor do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1).

*** MOCIÓN CONXUNTA PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO LINGÜÍSTICO MUNICIPAL, O EMPREGO CORRECTO E O FOMENTO DA LINGUA GALEGA, EN CUMPRIMENTO DA LEXILACIÓN VIXENTE.**

O Sr Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura á moción, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN CONXUNTA presentada por iniciativa do Grupo Municipal Xinzo Adiante para a creación dun servizo lingüístico municipal, o emprego correcto e fomento da lingua galega, en cumprimento da lexislación vixente:

1. *Aprobar a creación dun Servizo Lingüístico Municipal, que elabore un Plan de normalización e dinamización da lingua galega, acorde coa realidade sociolóxica do noso Concello, que abranga todos os ámbitos da sociedade limiá, sempre e cando se conte cunha subvención ao efecto de xeito que se garante que este servizo non supoña custo algún ó Concello*

2. *Acollese a todo tipo de axudas, subvencións, cursos ofertados polas Administracións Autonómica e Provincial, sempre que non supoñan custo algún ó Concello.*

3. *Promover o emprego, por parte dos representantes públicos e dos traballadores municipais e das empresas subcontratadas, da lingua adecuada á normativo vixente.*

4. *Ofrecer a formación necesaria para levar a cabo o labor emanado da lei a aqueles municipais que a precisen.*

5. *Colaborar activamente cos C.E.I.P e I.E.S do concello na tarefa normalizadora, pois os centros educativos da vila si dispoñen de Plans de dinamización lingüística.”*

Tras a lectura, o Sr Alcalde da paso a quenda de intervencións, manifestándose todos os grupos a favor da moción.

Finalmente a moción resulta ***aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (3), a favor do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), e a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), adoitándose o seguinte acordo:***

“1. Aprobar a creación dun Servizo Lingüístico Municipal, que elabore un Plan de normalización e dinamización da lingua galega, acorde coa realidade sociolóxica do noso Concello, que abranga todos os ámbitos da sociedade limiá, sempre e cando se conte cunha subvención ao efecto de xeito que se garante que este servizo non supoña custo algún ó Concello.

2. Acollese a todo tipo de axudas, subvencións, cursos ofertados polas Administracións Autonómica e Provincial, sempre que non supoñan custo algún ó Concello.

3. Promover o emprego, por parte dos representantes públicos e dos traballadores municipais e das empresas subcontratadas, da lingua adecuada á normativo vixente.

4. Ofrecer a formación necesaria para levar a cabo o labor emanado da lei a aqueles municipais que a precisen.

5. Colaborar activamente cos C.E.I.P e I.E.S do concello na tarefa normalizadora, pois os centros educativos da vila si dispoñen de Plans de dinamización lingüística.”

A continuación o Sr. Manuel López Casas (Grupo Municipal Popular) manifesta que o seu grupo ten unha moción de urxencia que someter ó plenario, denominada MOCIÓN EN DEFENSA DAS DIPUTACIÓNS, CABILDOS E CONSELLS INSULARES E EN CONTRA DA SÚA DESAPARICIÓN, dando lectura á mesma.

Rematada a lectura, e dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na

orde do día desta moción urxente é APROBADA, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), a favor da súa inclusión na orde do día da Concelleira do Grupo Municipal Xinzo Adiante dona Francisca Rodríguez Rodríguez (Xinzo Adiante) en contra da súa inclusión dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante D. Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) e Don Xosé Miguel Barrios Rodríguez (Xinzo Adiante), a favor da súa inclusión dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e en contra da súa inclusión do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1).

Aprobada a inclusión na orde do día da moción presentada, e tendo esta o seguinte teor literal:

“*MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN DEFENSA DAS DEPUTACIÓNS, CABILDOS E CONSELLS INSULARES E EN CONTRA DA SÚA DESAPARICIÓN.

O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA CONFORME AO PREVISTO NO ARTIGO 97.3 DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS, ELEVA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN EN DEFENSA DAS DEPUTACIÓNS, CABILDOS E CONSELLS INSULARES E EN CONTRA DA SÚA DESAPARICIÓN

Desde o comezo da nosa democracia as Deputacións Provinciais, os Cabildos e os Consells Insulares foron coprotagonistas, como gobernos locais intermedios, da mellora xeral dos nosos pobos e cidades, axudando aos municipios para desenvolver as súas competencias e a prestar máis e mellores servizos. O seu obxectivo final foi e é a achega de máis benestar aos cidadáns ofrecendo servizos de calidade que garantan a igualdade de oportunidades, evitando así que haxa cidadáns de segunda e de primeira.

Ao longo de todos estes anos garantiron a permanente asistencia, cooperación xurídica, económica, técnica e de asesoramento dos municipios, facilitando o seu adecuado funcionamento, especialmente dos rurais.

O seu labor de coordinación territorial, de auxilio aos pequenos e medianos municipios, de prestación de servizos de primeira necesidade que non poderían proporcionar moitos municipios por si sós, de impulso de actuacións complementarias en temas de competencia municipal, foi definitiva para a xestión local.

Provincias e municipios, concellos e deputacións, integran unha mesma comunidade política local e comparten uns mesmos intereses, sen relación xerárquica senón de paridade institucional. Son fundamentais para, xerando economías de escala, provocar o abaratamento dos custos e o consecuente efecto multiplicador dos recursos.

O seu papel é esencial para os pequenos municipios, ata o punto de que a súa supresión abocaría á desaparición de pequenos concellos. E son imprescindibles para combater o despoboamento.

As Deputacións Provinciais, así como as Deputacións Forais e os Cabildos e Consells Insulares son verdadeiras Administracións Territoriais con competencias propias e con autonomía para xestionar os seus intereses, tal e como recoñece a Constitución.

O artigo 141.2 da Constitución encomenda ás Deputacións o Goberno e a administración autónoma das provincias, recoñecidas no seu apartado 1º como entidades locais con personalidade xurídica propia. Así o referendou o Tribunal Constitucional en

diferentes ocasións, definíndoas como “compoñentes esenciais cuxa preservación se xulga indispensable para asegurar os principios constitucionais”.

Finalmente, son elemento clave para a vertebración nacional, razón pola que a súa eliminación é unha pretensión constante das formacións políticas nacionalistas.

Ante o coñecemento dun posible acordo entre o Partido Socialista Obrero Español e Ciudadanos que pasaría pola supresión das Deputacións Provinciais, o Partido Popular quere unha vez máis saír en defensa da existencia das corporacións provinciais e insulares.

Unha defensa das Deputacións Provinciais que ata fai moi poucas datas era compartida polo Partido Socialista Obrero Español, quen concorreu ás eleccións municipais de 2015 cunha serie de propostas que, lonxe de levar a desaparición que agora negocian, reforzábanas para facelas máis modernas, eficaces e transparentes:

PROGRAMA ELECTORAL PSOE MUNICIPAIS 2015

Modernizar as Deputacións Provinciais, facelas máis eficaces e transparentes e poñelas ao servizo dos pequenos municipios, fundamentalmente, para apoiar os investimentos necesarios a través dos plans provinciais e ofrecer unha adecuada cobertura de servizos públicos aos seus veciños e veciñas.

E hai apenas dous meses o Partido Socialista Obrero Español insistía na defensa destas institucións locais, que agora usa como moeda de cambio:

PROGRAMA ELECTORAL PSOE XERAIS 2015

Modernizar as Deputacións Provinciais reformulando o seu papel como espazo de encontro entre os concellos de menos de 20.000 habitantes e dotándoas de competencias prestadoras de servizos que supoñan unha mellora de eficacia e eficiencia respecto dos mesmos servizos prestados polos municipios, sempre con criterios de máxima transparencia, racionalidade e democracia.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular do Concello de Xinzo de Limia somete ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

- 1. Reivindicar o valor institucional das Deputacións Provinciais, Cabildos e Consells Insulares como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.*
- 2. Esixir ao futuro Goberno da Nación que respecte estas institucións para non castigar aos millóns de españois que, baixo o seu amparo, conviven en municipios rurais.*
- 3. Valorar que o presente inmediato das Deputacións, Cabildos e Consells Insulares non pasa pola súa eliminación senón por alcanzar, xunto cos Concellos, o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns, nas que non se solapen competencias, e que contén co mesmo nivel de calidade e autosuficiencia das demais Administracións do Estado.”*

Lida a moción, o Sr Alcalde da paso a quenda de intervencións.

O Sr Ramiro Rodríguez Suárez (Grupo Mixto) defende que as deputacións deberían desaparecer porque son unha institución decimonónica, e porque tendo en conta a estrutura administrativa actual non ten sentido a súa existencia, polo que constitúen unha institución que consume recursos públicos só para o seu propio funcionamento. Engade que aposta pola comarcalización, non tendo sentido a existencia das provincias, unha vez que

existen a Xunta de Galicia, o Goberno Central e os Concellos. Considera ademais que a labor de asistencia que fan ós Concellos é deficiente, polo que votará en contra da moción.

O Sr Manuel Pérez Campos (Grupo Municipal Xinzo Adiante) afirma que votará en contra da moción porque considera que as provincias están obsoletas e que se deberían potenciar as comarcas, pois as deputacións son un “*chiringuito de colocación para amiguetes*”, e que os recursos dos que dispoñen se gastan no mantemento da súa estrutura e non se destinan á colaboración cos Concellos, polo que lle gustaría que nesta Corporación se aprobase a desaparición das provincias.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) expón que esta moción colle ó seu grupo de sorpresa, e que dentro incluso do mesmo hai diversidade de opinións en relación a este tema. Pola súa banda, considera que as Deputacións teñen un papel prestando servizos de colaboración ós Concellos, sobre todo en provincias rurais como é o caso da de Ourense, onde ningún Concello supera ós 20.000 habitantes. É certo que esta colaboración, en lugar das Deputacións a podería prestar outro órgano, pero en todo caso trátase dunha colaboración necesaria. Admite que hai deputacións que funcionan ben e outras que funcionan mal, como podería ser a de Ourense, pero que a súa supresión para a creación doutro órgano non supón ningún aforro. Posiblemente habería que abordar unha reforma Constitucional, que en todo caso debería requirir o consenso de todas as formas políticas, para estudar a conveniencia de crear Comarcas, unir Concellos... Dito o anterior considera que en todo caso, este non é o momento de debater o tema, polo que anuncia a abstención neste punto.

O Sr. Alcalde diríxese ó Sr Ramiro Rodríguez Suárez para preguntarlle por qué está na Deputación se non cre na Institución. Engade que o Sr Ramiro Rodríguez Suárez di estar a favor das Comarcas, pero estas xa existen, por exemplo a Comarca da Limia, Terra de Trives, e non prestan servizos. Expón que para que puideran prestar servizos habería que crear mancomunidades, que xa se constituíron no seu día e desapareceron case todas, e que en todo caso, debería existir un ente físico, con persoal, para poder prestar colaboración ós Concellos. Engade que a deputación recolle o lixo, que a interventora da deputación está traballando tamén no Concello de Xinzo, e que en todo caso se a deputación se suprimise habería que crear un ente físico, con persoal, para a prestación destes servizos. En canto a afirmación de que as Deputacións son institucións decimonónicas, considera que máis decimonónicos son os Concellos, e tamén o Senado, que si se podería suprimir. É certo que en vez de Deputacións, podería haber outras institucións, pero as Deputacións están recollidas na Constitución, e que a reforma da mesma se xoga noutra liga. Engade que o 84% dos municipios son de menos de 5000 habitantes, e pregúntase quen levaría o tema do lixo se non existise a deputación. Ademais, as Deputacións só teñen un endebedamento do 3% do PIB, moito menor o endebedamento dos Concellos e do Estado. Recoñece que votaría en contra da supresión do Senado, pero non das Deputacións, pois por exemplo no Concello de Xinzo, a Deputación presta unha importante colaboración, por exemplo, no relativo a construción da segunda fase da rotonda, as obras na Rúa Ladeira, e no tema dos velorios, polo que non entende a postura dos partidos que votan en contra das Deputacións. Afirma que, o igual ca señora Lama, en moitas ocasións non comparte a postura do seu partido, sen embargo, o Sr Rodríguez Suárez sempre coincide ca mesma. Engade que se o custo de oito millóns de euros que supoñen as Deputacións se puidese aforrar coas

comarcas, entón se podería falar da supresión, pero non é o caso. En canto a intervención do Sr Manuel Pérez Campos, quérelle indicar que vai na mesma liña pois dixo que as Deputacións servían para colocar ós alcaldes, o cal non é certo, pois moitos deputados son concelleiros, de feito, a maioría non son alcaldes. Engade que se o Sr Manuel Pérez Campos trouxera un plan racional, poderíase debater, pero debería documentarse primeiro. Ademais, quere destacar que a Deputación de Ourense, ó contrario que outras, limitou as subvencións nominativas. Ademais, tamén falou da supresión das provincias, e debería dicir que fórmula ten, aparte de que habería que modificar a Constitución. Para finalizar, quere indicar que a única intervención coherente foi a da Sra. Lama, na que coincide nun 99%. Engade que se o Sr Manuel Pérez Campos trae unha proposta que cadre, a aprobará, sendo este ofrecemento o mesmo que xa realizou noutras ocasións en relación ós orzamentos,

Finalmente a moción resulta *aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (3), en contra do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), e a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), adoitándose o seguinte acordo:*

“ 1. Reivindicar o valor institucional das Deputacións Provinciais, Cabildos e Consells Insulares como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.

2. Esixir ao futuro Goberno da Nación que respecte estas institucións para non castigar aos millóns de españois que, baixo o seu amparo, conviven en municipios rurais.

3. Valorar que o presente inmediato das Deputacións, Cabildos e Consells Insulares non pasa pola súa eliminación senón por alcanzar, xunto cos Concellos, o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns, nas que non se solapen competencias, e que contén co mesmo nivel de calidade e autosuficiencia das demais Administracións do Estado.”

4. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula o seguinte rogo:

1. Son moitas as farolas que, principalmente na Vila, tan só teñen o mástil. Concretamente unha situada na rúa Marcelo Macías, a altura do número 19, leva mais de catro anos nese estado. Por outra banda é habitual ver como en pleno día en diversas rúas as farolas están acendidas e sen embargo pola noite están case todas apagadas dando unha imaxe penosa. Por elo pedímoslle o Sr. Alcalde que se repoñan as farolas naqueles sitios onde non están e se coide mais que o alumeado funcione nas horas que realmente debe funcionar.

O Sr Alcalde di que coincide no indicado sobre a farola do número 19 de Marcelo Macías, sen embargo, en canto o acendido das farolas durante o día, ten que indicar que o motivo de que nalgúns ocasións sexan acendidas durante o día é para comprobar a existencia de fallos no alumeado para ver se funcionan ou non.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula o seguinte rogo:

2. O final da Pista do Mato que ven dar o río Limia (cruce con Travesía do Mato) non e a primeira vez que un vehículo cae o río, polo que lle pedimos que inste a

quen corresponda a que sinalicen correctamente o remate de esa Pista para evitar mais accidentes e, namentres, que se tomen as medidas correctoras correspondentes.

O Sr Alcalde di que a competencia para efectuar esta sinalización corresponde a Deputación e a Confederación Hidrográfica, e que o Concello xa deu conta a estes organismos da situación.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula o seguinte rogo:

3. *Rogámoslle o Sr. Alcalde que inste as Institucións, empresas ou a quen sexa menester para que se retiren os carteis anunciadores de obras, obradoiros, etc, que xa están máis que caducados e están moitos deles nun estado lamentable.*

O Sr Alcalde di que algúns carteis corresponden a obras financiadas pola Unión Europea e que non se poden retirar.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula o seguinte rogo:

4. *Pedímoslle o Sr Alcalde que merque o bestiaro necesario para as brigadas municipais xa que leva máis de 4 anos sen ser renovado.*

O Sr Alcalde responde que este rogo xa foi respondido noutro plenario, que o vestiario só leva dous anos sen ser renovado e que xa se encargou o novo.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula a seguinte pregunta:

1. *O día 21/07/2015, se produxo un accidente nunha casa situada na rúa da Sé a altura do cruce coa Rúa Santa Mariña. Como consecuencia de ese accidente valouse a dita casa e practicamente a rúa da sé que está fronte a mesma estando así ate o día de hoxe, ¿podería explicarnos en que situación está esa ocupación da vía pública?*

O Sr Alcalde responde que xa se deu parte o seguro, e en relación o valado, se realizou consonte o informe técnico correspondente.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula a seguinte pregunta:

2. *No ano 2015 abríronse varios expedientes motivados pola ocupación de espazos públicos por parte de bares, cafeterías, pubs... en qué situación se atopan eses expedientes?*

O Sr Alcalde responde que se elaborou unha nova ordenanza de ocupación de espazo público para permitir a regularizar determinadas situacións.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula a seguinte pregunta:

3. *Dende hai un tempo o servizo de bombeiros non se adica á tarefa de limpar as prazas e rúas de Xinzo, e pregunta se podería explicar o motivo.*

O Sr Alcalde responde que esta tarefa non corresponde ó servizo de bombeiros.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula a seguinte pregunta:

4. *Está o Concello de Xinzo negociando coa Deputación para que esta asuma as brigadas municipais.*

O Sr Alcalde responde negativamente.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzo Adiante) formula a seguinte pregunta:

5. *¿Cando se vai instalar a báscula comprometida polo Concello en Morgade?*

O Sr Alcalde responde que se está esperando a cesión do terreo por parte do Banco de Terras.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzó Adiante) formula a seguinte pregunta:

6. *¿Cando se iniciará o acondicionamento das pistas de concentración coas desbrozadoras?*

O Sr Alcalde responde que os traballos xa foron iniciados pola brigada nalgúns casos, sen embargo, dado que pola experiencia doutros anos, sabe que nesta época non paga a pena facer desbroces pois a maleza volve medrar, estas tarefas se realizarán de xeito xeneralizado en maio.

O Sr Manuel Pérez Campos (Xinzó Adiante) formula a seguinte pregunta:

7. *Ante as noticias que apareceron nalgúns medios de comunicación indicando que o Concello de Xinzó de Limia vai poñer a investigar á Policía Local para controlar o censo do municipio, podería explicarnos como se van levar a cabo esas investigacións ¿Que consecuencias van derivar das mesmas? Con que mecanismos conta o Concello para conseguir que as persoas que viven aquí pero están censadas noutros municipios se censan aquí? ¿Pensan poñer en marcha algún tipo de campaña ou tomar algunha outra medida para incrementar o noso censo ou vai reducirse todo á investigación da Policía Local?*

O Sr Alcalde responde que hai tempo xa se iniciaron as labores necesarias para tratar de incrementar o censo municipal e que todos os concelleiros deberían facer campaña neste senso pois todos coñecemos persoas que a pesar de vivir en Xinzó a maior parte do ano non están empadroadas aquí.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula o seguinte rogo:

1. *Solicita a sinalización do Museo Galego do Entroido, nos accesos a vila, e nas rúas principais, segundo proceda.*

O Sr Alcalde considera acertada a formulación deste rogo e engade que se encargará de satisfacelo.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula o seguinte rogo:

2. *Revisión dos muros dos solares municipais, xa que algúns presentan serias deficiencias, e perigo para os viandantes.*

O Sr Alcalde solicita que lle faciliten unha relación dos muros que presentan deficiencias.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula o seguinte rogo:

3. *Sinalización, vertical para os pasos de peóns en Lamas, demandado en numerosas ocasións, e a posibilidade de solicitar a Consellería un paso de peóns elevado, nalgún punto do núcleo.*

O Sr Alcalde responde que xa se fixeron peticións á Consellería neste senso en numerosas ocasións.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula a seguinte pregunta:

1. *¿Cando se presentarán as Contas do Entroido 2016 e cal e a valoración por parte do Grupo de Goberno?*

O Sr Alcalde indica que se exporán en canto se dispoña das mesmas e que a valoración é positiva como sempre.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula a seguinte pregunta:

2. *¿Poden facer dende o Concello a labor de cambiar a toponimia de Xinzo de Limia pola correspondente Xinzo de Limia, na Wikipedia, Google e solicitalo nos Concellos de España onde existan rúas con nome da nosa vila?*

O Sr Alcalde responde que polo que ten entendido o Concello non ten competencias para iso pero que se intentará.

A Sra. Elvira Lama Fernández (Grupo Municipal Socialista) formula a seguinte pregunta:

3. *¿Poden actualizar as Ordenanzas que foron revisadas dende o ano 2011?*

O Sr Alcalde comprométese a actualización das mesmas.

Non tendo máis asuntos a tratar, o Sr. Presidente declarou terminada a reunión cando eran as 12.02 horas, e do cal, para constar, se estende a presente acta.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Antonio Pérez Rodríguez

Marta María Gómez Ruíz.

